

Dende a **ANPA do IES Frei Martín Sarmiento** coa colaboración do centro e do **Concello de Pontevedra** poñemos en marcha un **ciclo de Obradoiros de Nais e Pais** para tentar axudarnos a xestionar esta nova etapa das nosas fillas e fillos. Este é o programa dos obradoiros, gratuitos e abertos a todo o público, que terán lugar os **sábados 24/02, 17/03 e 14/04 entre as 11:30 e as 13:00**.

*Dende as Escolas de Familia o noso obxectivo é o de promover un espazo de información, formación e reflexión para pais e nais da contorna de Pontevedra, no cal entre todos fagamos achegas ó respecto daqueles temas que nos preocupan, interesan ou son da nosa inquietudanza. Sempre contando o acompañamento e asesoramento de un/ unha profesional do ámbito da Pedagogía ou Psicoloxía.*

*As familias actuais vémonos insertas nunha sociedade cada vez máis cambiante e que nos formula novos retos, o que dende estes espazos se pretende e por medio da colaboración atopar estratexias que nos capaciten para superar as dificultades e facer fronte os cambios que se están a producir. Os temas que se van tratar son: A Autoestima, a Sexualidade, e o Mal uso das TICs.*

### **Mal uso das TIC - Sábado 24 de febreiro, de 11:30 a 13:00**

- Adquirir conciencia de que é mellor educar que prohibir no uso da tecnoloxía.
- Dar a coñecer pautas de actuación básicas para acadar unha navegación segura.
- Concienciar da educación e valores para superar os principais problemas que vai asociado o mal uso das TIC.

### **Sexualidade - Sábado 17 de marzo, de 11:30 a 13:00**

- Reflexionar sobre a sexualidade e como facer fronte a esta temática na casa.
- Promover melloras nos coñecementos biolóxicos, psicolóxicos e de relacións persoais e sociais das relacións interpersoais.
- Integrar a sexualidade como parte do desenvolvemento persoas e humanos.

### **Fomento da autoestima - Sábado 14 de abril, de 11:30 a 13:00**

- Promover a reflexión sobre as experiencias e afectos que inflúen no ambiente familiar e posterior conduta social.
- Evidenciar a autoestima e o autoconceito, por de manifesto como nos inflúe a nivel persoal.
- Facilitar estratexias e ferramentas para mellorar a autoestima persoal e familiar.

**Imparte as charlas: Inés González Lores, educadora social e pedagoga.**

O lugar de celebración será o salón de actos do IES. Por cuestións organizativas agradecemos que confirme a vosa asistencia no correo da ANPA ([anpa.iesfreimartinsarmiento@gmail.com](mailto:anpa.iesfreimartinsarmiento@gmail.com)). O Concello ofrece servizo de gardería para as familias que o precisen, pero deberemos confirmarlles con antelación o número de [fill@s](tel:981111111) e as súas idades (antes do día 20 de febreiro).

Agardamos a vosa presenza.